

As orixes do fenómeno e os sacaúntos abren o encontro de lendas urbanas de Lugo

Etiquetas: lendas urbanas, sacaúntos, Luis Giadás, Xosé Miranda, Xornadas de Literatura de tradición Oral

29/10/2011 - María L. Viñas / El Progreso (Lugo)

O salón de actos da Deputación lucense encheuse onte de deuses, monstros, seres míticos e non tanto, realidade e ficción... misterio, en definitiva, coa apertura das IV Xornadas de Literatura de Tradición Oral -que organiza a Asociación de Escritores en Lingua Galega e a Asociación Sociopedagóxica Galega- e que este ano están adicadas ás lendas urbanas. O escritor Xosé Miranda e o historiador Luis Giadás foron os encargados de introducir e versar aos asistentes sobre este fenómeno, que non é máis nin menos que un dos 'xéneros' da tradición oral contemporánea.

Así concluíu Miranda na ponencia 'Arqueolenda e a lenda urbana', na que as tipificou e ademais explicou as diferenzas entre contos, lendas e mitos.

Nesa caracterización propuxo un proceso evolutivo en tres etapas. Na primeira aparece a «arqueolenda», coa forte presenza de seres míticos, meigas ou trasgos, por poñer algún. En segundo lugar estaría a neolenda -a partir da Idade Media-, na que xa case non figuran aqueles primeiros protagonistas pero si que existen personaxes extraordinarios como os cabaleiros dos castelos. Por último, a lenda urbana, na que salvo moi escasas excepcións, os feitos que narran transcorren en lugares actuais e a persoas do máis corrente. Eso si, cun compoñente común, o medo. «Son para asustar», di.

Aínda que haxa un tránsito xeral cara á perda do entendido como máxico ou marabilloso, esas carencias vernízanse hoxendía con seres como o monstro do lago Ness ou extraterrestres. Así que a fantasía, por sorte, non está de todo perdida.

O escritor lugués comentou que o compoñente pexorativo que acompaña ás lendas urbanas explícase por ese punto de humor ou de chiste que acostuman a ter, e directamente relacionado aparece o rumor ou a mentira. «A mentira e a cultura están intimamente vencelladas», asegura. «Os cans non poden mentir, nós si. A mentira

e o rumor é o que nos define aos humanos», engadiu.

Neste sentido, no da difamación, Luis Giadás viaxou no tempo ás orixes da lenda urbana tomando como exemplo un caso ocorrido no Viveiro do 1835, cando un boticario, Joaquín Ábila, denunciou ser calumniado polos veciños, que del dicían que na rebotica mataba impunemente para obter graxa coa que fabricar menciñas. Incluso afirmábase que un rapaz da parroquia de San Xoán de Covas quedara sen fala despois de pasar polo establecemento.

O caso produxo unha fonda conmoción. Os paisanos non querían achegarse á botica e moitos labregos deixaron de viaxar ata a vila para vender a súa produción por medo a seren sacrificados. E non só na botica, senón noutras casas particulares.

Máis aló da ignorancia, do rumor ou do pánico colectivo, o feito é que así ocorreu. E a causa acabou nun proceso xudicial que Giadás atopou por casualidade no Arquivo do Reino de Galicia.

Ante as contradicións das testemuñas, o pai do rapaz que quedara sen fala foi multado a pagar dez ducados -«toda unha fortuna para a época: os alimentos dunha familia enteira nun ano». Unha sentenza do 16 de marzo de 1837, «onde se fai unha fina análise sociolóxica», dixo Giadás, deixou sobreseído o caso. «Parece imposible que nun pobo culto, no século XIX, poidan ter entrada unhas voces tan absurdas e infundadas que ofendan á moral sá e á civilización», reza o auto.

O de Viveiro non foi o único caso que naquela década -a cabalo do fin do absolutismo de Fernando VII e do inicio do liberalismo de Isabel II- espallou o terror por toda a provincia.

«Pero, por que os boticarios eran prexuzgados como sacamanteigas e non pasaba o mesmo cos menciñeiros?», preguntouse o conferenciante. A explicación está no predominio dun mundo rural e analfabeto, no que a «medicina natural era altamente respetada como sabiduría tradicional e a ciencia, en troques, era vista como un turbio manexo para sacarlle os cartos aos inxenuos: nunha palabra, a ciencia non era cousa de Deus», abundou.

Giadás recordou a outros sacamanteigas célebres como Manuel Blanco Romasanta, o lobishome ourensá, así como crimes da época cometidos ao abeiro da superstición e de crenzas como a de que chuchar o sangue doutro podía curar a tuberculose ou que violar a unha moza virxe remediaba a lepra ou a sífile.

O delegado de Cultura e Turismo da Deputación de Lugo, Mario Outeiro, presente na inauguración, comentou que «as lendas urbanas están relacionadas con moitos mitos e temáticas abordadas en edicións anteriores: o mesmo demo, o lobo ou a morte».

No acto tamén estiveron presentes Isidro Novo e Antonio Reigosa, coordinadores das xornadas, ademais de Cesáreo Sánchez, presidente da AELG.

Hoxe

O seminario continúa hoxe, a partir das 10.00, con conferencias que abordarán temas como ‘O roubo de órganos nas tendas de chineses en Portugal’ -asunto que non hai moitos anos tamén correu como a pólvora polo polígono do Ceao e Lugo capital- ou o rumor como unha arma contra os demais. Pola tarde, a partir das 16.30, clausurará o encontro un taller de narración oral.